

Nota informativa das plataformas e movementos de pensionistas dos Pobos e Comunidades do Estado ante a derogación da subida das pensións recollida no decreto lei ómnibus.

23 de xaneiro de 2025

Onte día 22 de xaneiro o Congreso derogou con 177 votos en contra (PP, Vox, Junts) e 171 a favor o decreto lei do Goberno aprobado en decembro.

Coa derogación deste DL as medidas recollidas no mesmo quedan suspendidas.

A prórroga das axudas ao transporte, a prohibición do corte das subministracións básicas e de desafiuzamentos a persoas vulnerables e outras axudas a persoas afectadas pola DANA.

Unha medida de especial importancia para as persoas pensionistas é a subida das pensións que se concretaba nun incremento do 2,8% para as pensións contributivas, un 6% as pensións mínimas e as non contributivas e un 9%, o Ingreso Mínimo Vital.

Este incremento que se aplicará na pensión de xaneiro, **de non plantexarse ningún outro decreto lei que o permita deixará de aplicarse a partir de febreiro.**

Este decreto viña facer efectiva a vinculación do incremento das pensións ao incremento do IPC recollido na lei 21/2021.

O incremento das pensións, como podemos comprobar coa votación de onte no Congreso segue sen estar definitivamente garantido e **para algúns partidos políticos forma parte da súa estratexia partidista** en cada momento. As pensións **seguen sendo moeda de cambio e non un dereito básico fundamental.**

Non entramos a valorar as formas utilizadas para facer efectivas as subidas, pero rexeitamos con rotundidade a utilización das pensións como arma nas disputas entre partidos.

Se esta cuestión non está resolta satisfactoriamente antes do 20 de febreiro deste ano, o día 22 sairemos á rúa como o fixemos en xaneiro de 2018. chamamos ás persoas pensionistas a defender e mellorar con determinación o conseguido pelexando na rúa.

Non imos aceptar nin un só paso atrás nin políticas respecto a as pensións como as adoptadas de 2011 a 2018.

Nin un paso atrás, pensións públicas dignas xa!

COESPE (Coordinadora Estatal por la Defensa del Sistema Público de Pensiones)

EHPM (Movimiento de Pensionistas de Euskal Herria)

MADPP (Movimiento Andalúz por la Defensa de las Pensiones Públicas)

MODEPEN (Movimento Galego en Defensa das Pensións e vos Servizos Públicos)

UNIDAD COESPE (Coordinadora Estatal de Pensionistas)

PLATAFORMAS DE PENSIONISTAS de Badajoz, Móstoles...